

# A. NOSA. TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Núm. 33

A CRUÑA 10 DE OCTUBRE DE 1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.  
Coste'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, id. 2 »

Pagos adelantados

## SURSUM CORDA

É hora de pensar ben en galego,  
inda que s'escriba mal o galego.

**IRMÁNS:** Achanse preto os tempos da loita. Axiña escomenzará a porpagan-da forte e rexa pra o conquerimento do espírito da cidadanía. Xa van sere chegados os tempos que os bardos anunciaran. Estamos no vispera da maturidade.

A xuventude galega a quen se dirixiu Maura inda fai pouco, ó adicarlle unha lembranza a Rosalía, si eisiste verdadeiramente, si non é unha xuventude de sapos, ten que pôrse en pe, disposta a facer do sacrificio un culto.

Imos cáru á renovación. As duas Galiciaas van a ollárense faciana a faciana, coma feras enemigas: a Galicia sana, a Galicia verdadeira e a falsa, a podre, a noxenta, escrava e servidora do centralismo, que nos chamamos Caciquiá, pra nomeala d'algún xeito.

Endexamais estivemos en millores condicións pr'á loita, que agora. Agora que xurde unha forte concencia rexionalista; agora que repersentantes lexitimos do sufraxio electoral, bascos e catalás, libres de todo compromiso c'o ministerio da Gobernación. cheos d'autoridade, de prestixio e d'independenza, teñen mentes de vire axudarnos, non pra esquecérense logo de nós, senon pra autuare nas Cortes, namentres non contemos con deputados e senadores propios, coma verdadeiros parlamentarios galegos, que recollerán as queixas do noso pobo e poñerán ó descuberto os abusos criminais do caciquismo.

¿Non vos decatades da trascendencia d'isto? Pois sabede inda mais: as nosas autuacións cidadanas, terán axiña tamén un gran orgo na prensa, contarán c'un gran xornal que as defenda e as alente, ó mesmo tempo que salla ó paso dos boletís caciquis—que d'iste xeito son coaséque todos os que agora eisisten en Galicia—que soio viven pra esnaquizar os alentos da raza e as rebeldías da xuventude.

Galicia, a nova Galicia defendida nas Cortes pol-os únicos e os millores repersentantes españoles: os bascos e catalás; Gal-

cia c'un gran xornal de seu, poderá despre-  
gar as áas, pra voar libre e pra continuare a sua historia.

Ó vello e maldito caciquismo non pode resistire a luz do día, os escintilantes refre-xos da verdade. Cundo a voz da verdade o amostre nuu, sin eufemismos nin brétemas, a cotío; cando no Parlamento atope, sin trégoas, a sua condenación, saída de lubres honrados; cando se vexa mallado nos mitins e nos folletos, que están imprentándose; cando vexa que contra d'il eisiste un xornal moderno e forte, escrito por rexas prumas, cando s'atope sin acougo, escorrentado das corredeiras, as estradas e as ruas com'un can doente, jah! entón si que Galicia, a nova Galicia, a Galicia redimida que cantaron os nosos bardos, ergueita, posta en pe, comprenderá coma aqueles políticos e cuneiros que denantes coidara grandes porque os ollaba axionllada, eran pequenos, cativos e valeiros de canto non sexa ruindade.

O idearium económico das Asambleias de Monforte será azeitado ó noso programa. O idearium cívico da finada solidaridade galega, tamén será o noso idearium, no que lateza o espírito das nacionalidades naturais que alumeou a guerra europea e o histórico senso do rexionalismo dos nosos precursores.

Irmáns: vai sere chegado o tempo da santa loita, da outa cruzada redentora. Non hai loita sin sacrificios nin cruzada sin sufrimentos. Non hai tampouco redención sin vítimas. O momento é de grande responsabilidade. E o supremo momento histórico: o de sere ou non sere. Decatémonos d'elo; decatémonos que á nosa xeneración, á xeneración actual cúmprelle a minsión mais seria e trascendente de que eisiste lembranza.

Temos ante nós un dilema: o de merecer a bendición ou a maldición dos galegos do porvire.

Irmáns: desbotade de vos xenreiras de baixo voo fillas da vanidade ou d'un cativo

amor propio. A xuntarnos n'apreixo feixe cantos por riba de todo sintimos a Galicia. Non abonda xa con chamarse bô galego, pra selo. Hai que sere galegos d'aucción ou escravos. Os cantos e a música son dinos de loubas: pro na escravitude pode habere músicos e cantores. Cant o paxaro na xaula, canta o reo no carce. Pero entre ferros non frolecéu endaxamais a liberdade.

Irmáns: ¡Terra a nosa! Iste e o berro da loita. Con il imos a chantar a bandeira da redención galego nos cumes da nosa patria, inda sabendo que os nosos pes triparán espiñas e que os nosos corazóns terán de sangrar. Mais como haxa vountade, como haxa fe, o trunfo virá axiña. E os que cayan na loita atoparan un altar nas almas nobres.

Postos en pe, axuntémonos, irmáns. Imos a pasar lista... Resoa o crarin...

## UN NOVO LIBRO

**D**ON Francisco Ponte e Blanco, c'unha modestia que lle honra, chámase *amateur* da literatura, cando puidera darlles leiciós a moitos profesioaes.

O Sr. Ponte e Blanco—e con isto amóstranos o dito—acaba de publicar un libro que se nomea *A través de España*, feito quifamente imprentado con ilustracións do noso irmán o notabre dibuxante Fernando Cortés, no que ofércenos suas impresións de viaxe pol-o meiodía da Península e pol-o Norte d'África.

*A través de España* é un libro ameno, onde s'atopan moitas cousas belas e moitos rasgos xeitosos.

Son crónicas e artigos que viron a luz n'un xornal da Cruña, feitos a voa pruma, pro que non por iso deixan de contere arte.

Pol-a nova produción, que ven gabando a crítica, dámoslle a nosa embora ó Sr. Ponte e Blanco, autor xa d'outros libros dinos de loubas.

FACENDO ENSAMEN DE CONCENCIA

## Como nos tempos negros

LENDO días atraís o noxento xornal madrileño *El Imparcial* creímonos vítimas d'unha pesadilla. Coidábase que tornáramos ós días negros que precederon á catástrofe do 98. O mesmo linguaxe, o mesmo patrioteirismo desatado, os mesmos tópicos. Como dinantes, o vello xornal da *gasseteiría* tremaba abalado pol-a carraxe que lle producía o pensar qu'a hora do seu esmagamento está próisima e, cheo de fonda indignación, latexaba alritado contra o *leader* catalán Sr. Cambó e contra os ideás por il sustentados. Ista estridencias *gasseteiras* deron orixen a que a parte sensata da prensa madrileña—parte ben pequena por certo—replicase no xeito de que son mostra os dous artigos que a seguido publicamos. Xusguen nosos leutores.

Di *La Tribuna*:

«Isa bomba de man que *El Imparcial* ceibou ós pes de Cambó ministro, como n-unhas salvas, saudando o seu próisimo adevenimento, abrayou un pouco ás xentes que asisten de boa fe ás representazóns da comedia política.

Os moitos qu'estamos no segredo, xa non nos abrayou tanto. Dende o momento no que se ceiba o esplosivo con tanto aparato, será qu'álgúen convenlle. Certas obras non poden representárense sin apuntador. E si tanto cuidado eisixen, ó mellor o propio director d'escea métese na concha, e apunta.

Nosoutros non saberíamos nin poderíamos n'iste trance defendere ó Sr. Cambó. O político catalán é unha forza. Abóndase e sóbrase. Si pertendéramos defendelo, podería semellarlle ó púbrico que nos arrimamos ó sol que mais quente, e ó deputado rexionalista que tratamos d'adularlle, d'exercer o cortesán oficio d'aduladore, que tan boas resultas veu donando na vella política.

Non. O que nos chocou de verdade non foi o que s'aprauda ou se censure o feito de donare unha carteira ó Sr. Cambó, sinon o de darnos conta de que pra o xornal da mañán non pasan os anos nin lle fan magoa os desenganos. Il está onde estaba dinantes da perda das colonias. Non se pode eisixir maior consecuencia. Definidor do único patriotismo posibre, nega a auga e o fogo ós que teñan do Estado unha concepción distinta da súa (tan rancia como falsa, e, por derriba de todo, tan chea de descreto.)

Porque o empeño do famoso xornal da mañá non está en pechal-o paso ó Sr. Cambó, sinon ó que o Sr. Cambó repersenta. A seve infranqueabre eiquí é pr'o catalanis-

mo, nazonalismo, rexionalismo, autonomismo ou como queira chamárselle.

Ben. Sexamos respeitosos cós ideás pechados do colega. Sexamos—si se quere—unitarios, d'un unitarismo inconsutil. Sexamos entusiastas centralistas. Teóricamente pódese sere isto o outro e o de mais alá. Mais chega un momento no que conven facer ensámen de concencia. E preguntámonos: ¿Cantos anos fai qu'o réximen centralista impera na España? ¿E que resultados deu deic'o persente? Isos resultados non os enumeraremos. ¿E imos a pechare eisí, irreductiblemente, o paso ós ideás opostos? ¿Quén tivo razón estonces? ¿Pi Margall ou os políticos centralistas? ¿*El Imparcial* ou *La Renaixensa*?

Cambó repersentará a incorporazón do ideal rexionalista á gobernazón do Estado.

E isto en momentos nos que d'as rexións españolas chéganos a eispresión unánime de pobos enteiros que berran pol-a descentralización.

Decididamente, o centralismo ten mui fracos defensores. Os vellos políticos unitaristas, ou cálanse avergoñados, ou desaparecieron definitivamente. Tan soyo o vello xornal que con eles comparteu a tremenda responsabilidade, torna, con novos folgos, a sair ó paso d'os ideás autonomistas. E a nosoutros ocúrresenos sinxelamente decirlle: ¡Ben, colega! Mais... ¿no nome de qué?

Di *El Parlamentario*:

«*El Imparcial* non quere renovación algunha na España. *El Imparcial*, cando o Sr. Cambó fai alardes d'españolismo que deberan enchernos a todos d'orgulo e de ledicia, tñldao, mórdeo, pertende desencauzalo do seu nobre decurso actual.

Axiña regalarémoslles ós nosos suscritores un exemprar da notabre conferencia pronunciada pol-o señor Cambó en San Sebastián, defendend'o nacionalismo. E un verdadeiro documento histórico.

Outros regalos do mesmo xeito, faremos logo. En troques d'isto pregamos ós nosos amigos que porpaguen canto poidan A NOSA TERRA.

Na administración a' A NOSA TERRA temos á venda o libro de poesías DA TERRA ASOBALLADA de Ramón Cabanillas.

Prezo 1'50 pesetas.

¿Por qué?

*El Imparcial* é aquel mesmo xornal que nos levou á desfeita colonial nos seus rebatos patrioteiros; o que acaudillou a cruzada contra Maura por razóns egoístas; o órgao de toda caciqueiría e desatino.

E na súa y-alma, D. Rafael Gasset, é o mesmo persoaxe que tomou de Costa unha ideya, pra non realizala endexamais; quen foi arroxado do banco azul por Sanchez Guerra, ó que agora defende; quen exerce derriba de Galicia un cacicazgo monstruoso, e derriba de Madri unha influencia, non ppr debilitada menos nún.

Nosoutros non queremos faguer hoxe a gabanza de Cambó. Diremos únicamente qu'ise home foi sempre un fervoroso, un idealista, un alma en liña reuta. Háchase perparado á europea. A súa minoría e unha minoría d'industriales, de técnicos, d'estudiosos. Ama a Cataluña con pasión. E, como Cataluña é unha modalidade española inseparable por toda clás de vínculos, Cambó desexa unha España rica e cidadana, bañada no espírito mundial. E todo isto é o adeversario do Sr. Gasset, porque o señor Gasset, microbio de lugares pantanosos, sóyo pode vivire e medrare n-un ambiente deletereamente propicio.

Anúnciase unha gran porpaganda de diputados catalás na Galicia. Non unha porpaganda disolvente, como di *El Imparcial* con ruindade, sinon racial, autóctona, liberadora d'ancestrales caciques, ateigada d'españolismo sentido en español e non en gassetismo. E ó seu soyo anuncio, o Sr. Gasset, que ten xa até un filliño alí colocado, trema de carraxe, e quixera destruír toda a obra ergueita, aínda dinantes de que se comence.

Mais todo isto, señores, é o linguaxe antigo. Iso é o finado.

Mui axiña *El Imparcial* ou terá de trocárese, ou terá de sere morto. E mui axiña Galicia elixirá a galegos, a galegos mui españoles, moito mais españoles qu'os autuales, cheos d'enerxía espiritual, cidadanos d'unha viva nazón, xente que base a súa eficacia no mérito e non no artificio, xa medio descagallado d'unha caciqueiría abrayante.»

Despois d'istes dous artigos ¿qué poderíamos añadir nosoutros? Crêmos que cò dito abonda. Agora ben, como remate digno da ringleira de verdades que n-eles se di, ós nosos irmans e correlixionarios iste consello: Non vos emporquedes endexamais lèndo ise xornal repersentativo de todo o meis odioso e noxento que houbo e aínda hai na política española. Facer isto mais que medida vindicatoria é medida hixiénica.

Xornales como o aludido son—incluindo, craro é, ós seus inspiradores—merecentes tan soyo do mais fondo desprecio.

No *Imparcial* hai ecos do Porto do Son.



# O DESPERTAR NAZONALISTA GALEGO

Na hora d'agora; cando todol-os problemas de xeito nazonalista terán de sere resoltos; cando unha febre de renovación, intensa e fondísima, abala ô mundo, o Estado español insiste pra manterse dentro do seu vello e fracasado *statu quo*, insistenza que chegaría a convertírese en realidade de non esistire na península dous pobos europeos: Baskonia e Cataluña. Mais como estes dous grandes pobos lonxe de vivire a esmagante vida africana d'España viven a intensa vida d'Europa, n-eles como suceda na Europa, como pasa no mundo enteiro, a febre da renovación fixo a sua entrada. É esta febre, iste fondo sacudimento d'enerxias, foi o que veu a determiñar o momento alxido da loita pol-o recobro, en cada pobo, da sua personalidade nazonal, esmorecida en virtude do asoballante centralismo. Ou agora ou nunca, tal é o estado no que o problema está pranteándose. Il terá de sere resolto d'un xeito ou d'outro, pro sera y estonces, os pobos que non haxan sabido ou non haxan querido escoitar os berros con que a groriosa irmán Cataluña chama ôs xordos, ficarán esmorecidos ô marxe de toda liberdade e de todo dereito como pobos escravos, nados pra amostar a marca indigna dos trallazos con que a cotfo queira apouvilgalos seu amo.

O momento actual é mais serio do que semella â pirmeira ollada. Il foi, coa sua seriedade, o que moveu os corazóns dos patriotas galegos a xuntárense pra tomaren parte na outa e santa empresa de donarlle a Galicia concencia da sua personalidade nazonal, esvaída por tantos anos d'asoballadora servidume. E Galicia resurxe e seguirá resurxindo con forza cada vez mais crecente. Poucos son aínda os que, decatándose da realidade, levan as acucias do salvador nazonalismo dentro do peito, mais o caso é qu'o problema escomenza a pranteárese e hoxe Galicia empeza a sentir unhas vagas arelas de reivindicazón nazonal, qu'o tempo d'unha veira e as modernas correntes d'outra, farán cada vez mais fortes. O esencial pr'os verdadeiros galegos, pr'os que Galicia é dinantes que nada e por derriba de todo, foi que se escomenza-se o pranteamento do problema sin reparar en qu'os seus sustentadores sexan, hoxe por hoxe, poucos ou moitos. Agora, unha vez pranteado o problema nazonalista, xa non ficará esquencido endexamais, latexará sempre.

O problema nazonalista é d'un xeito especialísimo e d'unha grandísima trascendencia; non garda semellanza con ningún

outro. Unha vez pranteado ou ademítese ou non s'ademite, mais non pode discutírese com'os problemas políticos. A nazonalidade é algo qu'está por derriba dos feitos humanos e que, negándose ou non, subsiste sempre, sobrevivindo a total-as conmocións e a total-as hecatombes, por iso os problemas a qu'ela da lugar son problemas que poderán en ocasións somellar qu'están mortos, pro qu'a circunstancia mais insignificante pode faguer surxir de novo. Estonces, cando o problema nazonalista surxe poderá sere non resolto, mais pode térese como cousa descontada qu'o problema non ficará nunca esquencido, persentaráse sempre com'unha realidade latexante e, suceda o que suceda, a personalidade nazonal erguerá por derriba de todo o seu berro xustísimo demandando o que lle pertence. Ademáis, onde queira qu'eisista unha nazonalidade asoballada, apreixa pol-a pouta do monstro imperialista ou centralizador, isa nazonalidade tardará en formulare o seu problema o tempo que tarde en faguérese con unha

nova concencia da sua personalidade nazonal e, indubidablemente, aquela nazonalidade asoballada surxirá de novo e o seu surxir finará cô trunfo íntegro d'as suas arelas, inda qu'ise trunfo leve aparelado longos anos de loitas e sacrificios, Crêmos, pois, con Cambó que «un feito nazonal pode durante séculos non provocare un movimento nazonalista, cando os nazonales perderon a concencia da sua personalidade; mais cando isa concencia crea grupos de cidadanos axuntados pol-o vínculo da sua personalidade, prantease o problema nazonalista.» Iste é o caso noso, concretamente.

Agora ben, por derriba de total-as parvadas están as realidades e as realidades amóstrannos como cô espertar das diferentes manifestacións da vida galega coincide a formación da concencia da nosa personalidade, isto amostará, aínda ôs mais cegos, como Galicia, lonxe d'abandonárese â sorte dos pobos escravos—que de tal foi tratada deic'agora—sinte latexar dentro d'ela os outos sentimentos d'unha nazonalidade que quer sere e quer vivire a vida dos pobos libres n-unha gran Iberia sin asoballados nin asoballadores.

RAMÓN VILLAR PONTE.

## O gaitero de Cambados

(Lenzo de D. Ramón de Zubiaurre)

Este gaitero celta dos ollos azuados,  
un pouco d-estes días, un pouco lexendario,  
labrego un anaquiño, mariñeiro outro anaco  
que recorda as imáxes solenes do Ticiano,  
ven da caste d-aqueles varudos lusitanos  
que loitaron de Roma c-os fortes lexionarios.

Este gaitero celta dos ollos azuados,  
no segredo curruncho da sua y-alma de bardo  
e no fol da sua gaita, pechón os hinos sagros  
y-os berros loítadores d-un pobo rudo e bravo  
que nas noites de lúa, á soma dos carballos,  
adoróu no misterio uns dioses xa enterrados;  
o alalá namorante, relixioso e nostálxico,  
y-a alborada ridora, feita de limpos rayos  
do morno-sol nacente, de pingotas de orballo,  
de arumes das roseiras, de chíos de paxaros...

Este gaitero celta dos ollos azuados,  
cando o sol alumaba o vello campanario,  
cando estaban desertas a praza e mais o adro,  
y-o mar era un espello, y-o vento repousado  
bicaba as pedras negras do silencioso pazo,  
véuno e trúxo a este lenzo, con todo o seu encanto,  
Don Ramón de Zubiaurre, o mozo pintor vasco.

1-VIII-1917.

R. CABANILLAS.

## DE ARTE

## COMPARANZA CASOAL

Para o arquitecto Palacios.

N'un escaparate da rua Real da Cruña, por unha verdadeira casoalidade, cal si alguén quixera poñelas n'unha comparanza, amostrábanse datas atrás unha fotografía da Virxe de Pastoriza e outra do boceto do moimento ó corazón de Xesús do Cerro dos Anxes, feitura d'Aniceto Marinas.

O boceto de Marinas é unha ridícula «tarta». E enxérgase, d'unha vez pra sempre, que nós falamos da obra de arte, respetando a ideia relixiosa. Falamos no senso artístico. O seitarismo non aniña en nós. Porque no noso credo collen dereitas e esquerdas, republicanos, monárquicos e xaimistas. Non formamos un partido político mais, senon o núcleo d'unha concencia nacional que desexa xermolar: a Galicia futura que precisa de todo os ideás.

Marinas, dicíamos, estivo pouco afortunado. A inspiración non se pousou na súa frente. O boceto do moimento do Cerro dos Auxes peca de artificiosidade, de falla de xeitosidade, d'amaneramento. E o troque do espírito da Natureza.

E isto óllase millor por comparanza c'o a fotografía da Virxe de Pastoriza. ¡Canta poesía, canta grandeza hai no sinxelo emprazamento d'ista imaxe afincada na doce tradición! Aqueles irtos penedos sóbor dos que s'ergue teñen unha fonda e esgrevia maxestade relixiosa. Fan enxebre, fan galega, fan filla do ambiente á Nosa Señora que n'eles ten pedestal. A Natureza alí púxose a xeito c'o espírito das almas sinxelas e homildes que chegan a cotío, dende antigo, a contarlle axionlladas, suas coitas á Nai do Redentore...

¿Non fixéchedes a comparanza? ¿Non vos decatastedes d'isto? A obra de Marinas é probe a forza de querer sere rica. E unha cousa sin alma, sin sentimento, sin dozura nin amore. O rústeco moimento da Virxe de Pastoriza, en troques, parez grande, solene, formoso. E o non fixo ningún escultor; fixoo o pobo; o pobo que na música foi o millor mestre—lembrade as cántigas que agora fan rexurdir os coros enxebres—com'ó foi tamén na poesía—¡oh Rosalía Castrol... Ben dixo Balmes que o ouxeto do arte é «millorar o natural.»

O boceto do moimento do Cerro dos Anxes non está inspirado na grandeza das nosas catedrás nin dos nosos mosteiros... que rimaban sempre c'o espírito da Natureza. Non ten o encanto do gótico que alguén chamou oracións de pedra que queren rubir ós cejos... Non ten ise encanto que garda relación c'o a silueta d'unha muller

axionllada, según upha xenial frase de Rodin...

E unha tarta mais que temos d'añadire á gran lista de tartas da confiteiría arquitectónica d'a España actual.

## Ó pecharse a Exposición d'Arte Galego

XA se pechou a Exposición de Arte Gallego. Tiñase invitado—e elo era un gran acerto—a Ramón Cabanillas, o glorioso vate, pra o auto de clausura, mas o autore de «Da Terra Asoballada» non puido acetare o encárrago debido a ocupacións axiñosas. Sintímolo abofé, porque ninguén coma il poñería o broche d'ouro ó certame nomeado, dándolle o xeito sinificativo que lle

cadra. Cabanillas é a modestia e a falla de vanidade por demais, O que denota percisamente o seu xenio.

Pro voltemos a falare da Exposición. Foi unha das cousas mais serias, mais solenes, mais trascendentes que se fixeno endexámais na nosa terra. Dende logo a mais formosa e culta de cantas poda haber lembranza na Cruña. Foi un auto galeguista puro. Un auto sin etiquetas nin oficialismos enoxosos. O pirmeiro auto grande, feito por galegos pra galegos, sin pensar en políticos de Madrid. Un ensaio trunfal de nacionalismo artístico. Algunha vez tiña de sere.

Xa se coneece que os organizadores non fono señores de R. O., senon artistas, artistas coma Sotomayor, Llorens, Palacios e Seijo Subio.

¡Benia a vosoutros! Ñamos tan cheos das cursilerías pseudo-artísticas dos picoreteiros.

A data da abertura e clausura da Exposición de Arte Galego, repersenta unha efemérides histórica chea de lus e d'espranza, que con fondo agarimo asiñalamoe.

## SÍNTOMAS

## CROAN AS RANS...

Un señor Benavides. mandou dende Madrid ao *Diario de Orense*—diario de... Bugallal—un artigo falando do viaxe de Cambó pol-a nosa terra.

Un artigo cheo de parvañas, fallo de senso común e revertente de mala fe.

N'il, logo d'aldraxar o espírito de Cataluña, deféndese a hexemonía centralista. (¡Bô porveito!)

Afirmase que ao *leader* do rexionalismo catalán non o sintiron nin pensaron en Asturias.

Dice que en Galicia non fixo unha promesa, nin unha insinuación «ni un pretender ingerirse en la política de la resignión».

E logo, contradicindo todo isto, concruye o artigolista:

«La tendencia a una intromisión de los voceadores del catalanismo en la vida de las regiones españolas, es indudable que existió. Y contra semejante atrevimiento hemos de precavernos rechazando de plano las ofertas de un apoyo que es innecesario, ya que cada región tiene de por sí fuerza suficiente para sostener sus derechos y defender sus intereses si éstos resultasen desconocidos por los Poderes públicos.»

¡Vichedes cousa mais chocante que o Sr. Benavides! Nin que tivese o

miolo nos xionllos e o esmagara ao axionllárese sobor d'il pra adu'ar a Bugallal.

¿En que quedamos, ho? ¿Fixo Cambó promesas ou non as fixo?

Si non as fixo está de mais o anaco prosaico castelán que copiamos. Si as fixo tod'ó artigo é unha bestada. As cousas pol-o seu nome. Discurrían con mais xeito os escravos antigos.

O Sr. Benavides vive na horta. Eisí como un día falóu o *Faro de Vigo*, de que na nosa terra non hai caciquismo—¡ja, ja, ja!,—agora o artigolista do *Diario* de... Bugallal di que temos de «precavernos rechazando de plano las ofertas de un apoyo que es innecesario, ya que cada región tiene fuerza suficiente para sostener sus derechos...»

¿E ten Galicia isa forza? ¿Onde? ¿Na provincia d'Ourense, feudo d'unhos cantos caciques? ¿Na provincia de Riestra? ¿Nas mais provincias?

¡Conque precavernos, e todo! ¿Como che se ve a longa orella marcada pol-o ferro da gandería bugallalista, Benavides! Respiras pol-a ferida... Pois agarda un pouco. Agarda que inda é cedo.

¡E Cambó non falóu nada! ¡Si hega a falar! ¡Que pouca lacha!



DE MIN PRA VOS

## A DOS OLLOS MEIGOS

Pr'o gran Castelao, que ten a outa virtude de faguer rir co-as suas intenzonadas caricaturas da terra, qu'a il cóstanlle hágoas.

I

N-un Museo de pintura cuio nome eiqü non ven á conto, houbía un fermoso cadro d'inestimable valore, conecido pol-o nome de *A dos ollos meigos*. Compoñíase o cadro d'unha muller envolveita toda ela n'unha gasa difuminada n-un fondo de nubes, agás os ollos, que pintados fortemente, sobersafan soios, únicos, no lenzo, grandes com'unha espranza, prêtos com'un desengano. Unha ben marcada soma de terrore dibuxábase n'iles, cal si atopárase en presenza d'unha eterna e tráxica visión.

Ninguén visitara aquíl Museo qu'ô atopárese diante do cadro, non sintira frío na alma, e pasara pol-a sua imaxinazón un

evocamento de traxedia. Logo, pra terminare de compretal-o feito, contemplábase á moitas horas do día ô pe do cadro, a un vello de longas e brancas guedellas, vestido purcramente, con algo de desaliño, que cal gardán d'honore fitaba cós seus ollos sin lus ôs visitantes. Seus labres contraíanse pra surrir cando escoitaba unha loubanza, e suas palpebras fixas adoito, recollíanse n'unha dôrosa contraíção amostrando a palidez dos ollos, filla da cegueira, cand'ôuvía falar do misterio do asunto qu'escollera o pintore. E aquíl vello gardán era o autore, a quen custárallo chegar a vivire na lus da Groria, o ficar pra sempre choído nas tinebras d'unha noite sin fin. Ao final-a obra, finara a luz nos seus ollos de tanto fital-o. *A dos ollos meigos*, non era unha obra imaxinativa erixida na sua fantasía; fora bebida nas fontes da realidade.

II

Ernesto Porto, qu'era o nome do pintore, fillo d'unhos probes labregos, amostróu dende moi neno unha grandê incrinazón â pintura comenzando por faguer monicancos en papés, namentras o gando pastaba apaciblemente a fresca herba. Mais tarde, mercáralle e trouxéralle un seu tío ô voltare d'América, unha caixiña con lápices de côres. Dono d'ela afotárase á pintar casas e arbres con d'abondo bon acerto, tendo en conta a falla de conecimentos que tiña no tal arte.

Seu tío Benito, que víu os traballos do rapás cós lápices que mercáralle, porcatóuse de qu'houbía no seu sobriño madeira d'artista. Botóu man d'unhos aforros que trouxera da emigrazón, e mandóuno â vila ôs catorce anos á estuiare os segredos do dibuxo pirmeiro, e do côrido dempois. Ernesto demostróu d'ô comenzo unha gran afizón, e unha intelixenza pouco corrente ôs seus anos.

Pasando foi o tempo e aumentando n'il

## PINTORES D'ALMAS

## CASTELAO

Alma baril da terra,  
encarnación lexitima da raza,  
no fondo das suas obras  
revólvense infertunios e risadas:  
infertunios acedos  
das nosas horas tráxicas;  
risadas de xenreiras  
e de rabias,  
que levan dentro os cáustecos delores,  
das feridas y-as mágoas.  
El sinte como propias  
total-as coletivas labazadas,  
y-o seu lápiz é xostra,  
y-o seu pincel é tralla,  
e contr'os duros couces que os labregos  
reciben dos que mandan  
ferve en indinación, arde en carraxe,  
pensa nas nosas ansias  
e pinta as nosas coitas,  
que soilo queren tirrias e bisarmas,  
pondo de cote n'elas  
o santo amor â pátreia,  
que por algo  
hai n'él a enxebre encarnación da raza.

Os seus ceguñios choran;  
os seus ceguñios andan:  
choran sin teren ollos  
pra desfacerse en vágoas;  
andan ¡probiños!



como andan as imaxes da disgracia.  
Recorren as aldeas  
levando a sua tristura por compañía  
pra recoller esmolas;

e van ás apalpadas  
en busca das romaxes  
pra rañar nas zantonas as suas mágoas;  
e n'unha noite eterna  
pasean as suas lástemas,  
cos seus ollos sin vida,  
por onde a luz en son de moña esbara;  
e ô compás dos pandeiros,  
coas bocas desdentadas,  
cantan os probes  
mentras por dentro o corazón lle sangra,  
como si fosen xuntos  
a máis enxebre encarnación da raza...

Pintando monicreques  
valeira n'eles a intención y-a gracia.  
E sempre que ô labrego  
—Probe Xan d'estes tempos— asoballan,  
pon lume de tormenta  
nas suas pinceladas  
e tén un agarimo  
pr'o novo Cristo da sofrida raza  
que está fai moito tempo  
sin door nin compasión crucificada.  
As lástemas da terra  
tanto son as suas lástemas,  
que as suas ironías,  
con todo canto teñen de sarcásticas,  
son punxentes protestas,  
porque él é a enxebre encarnación da raza

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.



os coñecimentos en tan divino arte, até qu'ó domiñando á perfeición, subvenzoado foi pol-o goberno pra realizare un viaxe a Italia pra seu refinamento artístico. E aló foi Ernesto ledo do persente e satisfeito do porvir.

En Italia pintou algunchos cadros que déronlle grande sona, e puxéronno á outura dos mais renomados pintores d'aquiles tempos. A crítica san, dicía d'il que chegara ó cume. Ernesto o non coidaba eisi; falláballe a obra cume, a obra qu'ó eternizara, a do acerto, a que non teñen todol-os mestres; obra que non búscase sinon perséntase unha vez na vida. Hai quen producindo pouco, atopouna, e hai quen moito e bon producindo ficou sin ela. Costión d'inxenio, d'alma, millor de sorte.

Ernesto buscábâ. Espirmía a sua imaxinación como fai o namorado pra dibuxare no pensamento a faciana da dona dos seus amores. E a imaxinación rebelde e testafarro, ficaba muda, silenzosa...

Cicais non fora Italia a terra predestiñada pra dárell'o asunto. Pensou en Galicia. Ben poidera sere qu'a terra que donoull'o temperamento artístico donáralle tamén a desmortalidade. Ateigado de cartos e de sona tornou a Galicia á terra dos seus agarimos, pol-a que sentía dende qu'a abandonara, morriña, saudades, desexos de beixare seu chan, de folguexare seu ar.

### III

E foi Galicia, a terra fermosa, meiga,

chea de segredos e misterios, a que doull'o asunto pr'o cadro cume; o primeiro do artista, o derradeiro do pintore.

Alougara unha quinta de recreio nas Mariñas, e un serán do vran en que saíu á dare unha volta pol-os arredores da sua nova morada pra paseialo xantare e saturárese d'inspiración no paisaxe galego pra dimpois ire ó seu estuio, velai qu'atopou o asunto pr'o cadro mestre, cando menos n-il pensaba.

Pol-a marxen arriba d'un pequeno río de limpas e cristafñas augas que faguía xuntanza có mare moi preto da sua quinta, tomou camiño adiante sin pensare onde iba nin pol-o que iba. Co-as mans nos petos e choido en profunda meditación, ou n-ises parvos recollimentos que non pensamos en nada, seguía a veira do río, paseniño, sin presa, como cand'o tempo dispón d'un ou nn do tempo, qu'en calquera dos dous casos endexamais chégase tarde.

N-isto unha vos de rapás que saía d'unha revolta que faguía o río, ó berrare: ¡Que ven xente!, fíxolle voltar á realidade, e fíxando pr'onde a voz saíra, puido vere con asomo e admiración preto d'il, o cadro de realidade mais orixinal que dárese pode. Non parez sinon qu'ó destiño encamiñouno até alí, e a natureza axeitoulle o temperamento artístico comenente, pra enxerguer i-interpretare con amore aquela visión real que tiña ant'os seus ollos.

N-un curruncho da orella do río, á soma de folleados ameneiros, unha rapaza en pé,

i-envolveita d'enriba á baixo n-unha sábena branca, deixando vere os ollos sômentes, fitaba a Ernesto fixamente, aterrada, apertuxando a sábena ó corpo. cal si quixera voar, desaparecer, trocárese en nada. Sorprendida ó saire do baño por aquil forasteiro, o terrore fixo engrandecerll'os ollos, e a inocencia, a pureza, a candidez, alumeónos. Foi unha mirada exemplar endexamais pensada nin fitada; unha mirada desquencibre das que non pódense buscare nin en modelos nin en tráxicas. E pra maior milagre, pra maior capricho fantástico da natureza, sopararonse unhas follas dos ameneiros premitíndoll'o paso a unha raiola de sol, que namorada, envexosa d'aquiles outros dous soles da rapaza, sobor d'iles pousouse, e tenra, agarimosa, beixounos longamente.

Ernesto que n'outra hora houberá fitado con mal intenzonada curiosidade d'home, fitouna con admiración d'artista, e de súpeto, ateigado d'unha santa inspiración, admirouna con fixeza de tolo, reconcentrando todol-os sentidos no da vista, e sin perdere un detalle d'aquela meiga visión, pechou os ollos con forza e ainda suxetou as palpebras co-as mans pra que non recolléranse, e impresionou, recolléu no seu pensamento, á xeito de cámara oscura, aquel bento asunto qu'a imaxinación negáralle, e que houbía de dárelle mais tarde luz na Gloria e obscuridade na Terra.

E consiguéuno. A visión qu'o pensamento recollera, ó reconcentral-as ideas, volta-

## 2) FOLLETON DE « A NOSA TERRA »

### CERTAME DE « MARUXA »

## Ramón Cabanillas, poeta da raza

(APUNTES PRA UN ESTUDIO)

nos versos, igoalmente que as arbres silvestres produxo ó chegar a maturidade follaxe mesto e froles belas, recedentes, pro non froitos útiles. E o porvir da raza quedou tronchado. Cataluña, na mentres, pesi-a non levar sóbor das suas costas unha misión tan outa, soupo recobrárese a si mesma, pra ben d'España—a autualidade dános a razón—recobrando seu idioma íntegramente.

Ten de espresárese no verso aquilo que soio no verso pode sere espresado. Eisi dixo un notabre crítico. E com'a prosa galega coáseque non se cultivou modernamente, inda á poesía leváronse temas pouco axeitados pr'ó encarceramento na xaula da métrica. Por isto nosa ideoloxía sustancial redúxose a unha ideoloxía de aas talladas; a unha ideoloxía enxaulada, de pequenos voos, inda que líricamente outa—;ouh escada de ouro dos ringlós cortos!—que non chegou á concencia popular, sirvindo soio

pra engayolar os ouvidos dos señores das cibdades e das vilas. E o verso semente, non podía constituír o meio esencial de renovación.

\* \* \*

Eisi com'ó que puidéramos chamare primeiro renacemento literario galego, coincide co'a incorporación da democracia a España, o segundo nado tras unha solución de continuidade, coincide co'a gran guerra europea, verdadeiro *resurrexit* do principio das nacionalidades naturaes.

Ramón Cabanillas Enriquez foi o vate, o precursor d'este renacemento. Habíanse finado xa Curros e Lamas; Rosalía escomenzaba a sere ouxeto do sereo estudo; Pondal enmundecera. Coidábase, xeneralmente, que co'a desaparición d'aquiles astros do noso Parnaso, xa a poesía galega ficaba condenada a non tere novos cultivadores de sona. Tal crência errónea, facíase pública por plañeiras castelaistas en festas literarias e en artigos nos xornás.

Houbo dous solenes momentos en Galicia que eisixían a aparición do poeta *repersentativo*: o da creación da Solidaridade e o das Asambleas agrarias de Monforte. Non

apareceu entón, pesi-a todo, o poeta arelado, E xa coidouse perdida para sempre nosa gloriosa tradición lírica e en ruínas o derradeiro baluarte, postreira torre do homenaxe da nosa esvaída e esmorecente per-soalidade.

Ende ben o poeta eisistía; o poeta arelado, xa nacera, inda que non houbese cantado. ¡Cal foi a caosa de que rompera a cantare? Quizais os trenos de xeito apostólico de Basilio Alvarez, que, a través do Atlántico, o *mare nostrum*, amarguxado con moitas bágoas das viudas de vivos, chegaron ás Américas producindo unha conmoción sísmica espiritual, mais impresionista que fonda, na concencia dos emigrados, fíxeno deitar o novo chorro cristaiño da eterna fonte de Castalia. Ramón Cabanillas vivía en Cuba. Mozo d'algunha cultura crásica—foi seminarista na vella Compostela—que deixara feito un fogar na sua terra, no pintoresco Cambados vila pontevedresa estambulada coma rillote traveso na meiga orella da ría d'Arosa onde parez cabrilleare un divino latexo da solermiña gracia helénica, presinteu a nová aurora do espetar galego, rompendo a cantar, cal cantan os paxaros, por mandato providencial, obedecendo ó



ba de novo á fital-a ô seu antoxo; i-eisí, un día e outro, foi terminando de pintare o cadro das suas arelas, que soio dous ollos de galega beixados por unha raiola de sol souperon darlle. Mais, ¡ai!, tanto fitóunos, tan a cotío levábaos choídos no pensamento, qu'ô terminaí-o cadro ficóuse cego pra sempre, e vía sômentes cós ollos d'álma aquiles outros meigos ollos da galega, grandes com'unha esperanza, com'un desengano prêtos.

RICARDO CARBALLAL.

## Peneirando...

VALLE Inclán, o xenial estilista, según dinnos, ten mentes de facer unha obra literaria en galego.

Bô servicio ll'emprestaría â nosa patria con ilo. Obtería ademais un éisito grande: artístico e económico.

Valle Inclán eisí resultaría o pastor d'un gran rebaño de rapaces que non s'estreven a escribir no idioma de seu por mor ô ridículo. ¡Como si houbese cousa mais degradante que escravizar o pensamento propio e a propia alma n'unha lingua imposta e estrana!

¡Ogallá Valle Inclán non desbote aquela felis ideal!



No derradeiro número do boletín *Vida Gallega* vimos con pena que hai caricaturistas—d'algunha maneira hai que chamarlles—que siguen facendo da «jeada» un tema pra buscar a risa.

A «jeada» é unha das doenzas de que lle somos deudores â hexemonia castelana.

A jota—letra e música bárbara—soio eisiste no idioma castelán. Está desbotada de todol-os mais idiomas latinos.

A jota—d'orixe africano—ten relación co'a «carcajada» cousa tan vergoñosa e tan característica dos españoles.



Din que vai a restabrecérese a normalidade constitucional. Din que vaise a erguere a suspensión de garantías,

Fai boa falla. Xa vimos cansos d'oubir os monólogos de Dato e Sanchez Guerra, que somellan dous Xás Palomos.

A vella política está en liquidación, dando as boqueadas.

O Governo leva unha boa tempada de falar soio; sin réplica nin contradición.

E agora queremos falar os mais. Temos que falar moito; moitísimo.

E entón, como dixó *El Mundo* de Madrid, «ya no servirá de nada el alegar como mérito una irreductible enemiga a la renovación, y el propósito firme de seguir con las elecciones a la española, con los partidos de turno; ineficaces y desprovistos de representación ideológica y con el copo de todos los cargos de valía por taifas de nulidades presuntuosas o por bandadas de hijos, yernos, hermanos o pasantes, nulos asimismo para una acción fecunda. Lo anunciamos al formar los Sres. García Prieto y Alba ese asamblea de putrefactas oligarquías al que llaman partido liberal y no tenemos por qué desdecirnos cuando son otros los que piensan que aquí no ha cambiado nada.

La vieja política, esa que tiene por base la prestomanía electoral de Gobernación y el *quia nominor leo* de cada cacique de montera o sombrero de copa; *eso*, que ha engendrado un sinfín de conflictos—sin resolver todavía—, está en liquidación plena, quieranlo o no aquellos que han circunscripto la vida nacional entera a un arreglo entre dos agrupaciones que serían deshechas en cuanto hubiese algo de pureza en el sufragio. No hay posibilidad de persistencia en el error, porque los caminos de salvación llevan abiertamente en sentido contrario. Antes, el decreto de disolución podía significar, y significaba, que un partido cedía a otro las suculencias del Poder y los beneficios políticos del mando; hoy, no. Las primeras elecciones que se efectúen han de ser el punto de partida eficaz de la renovación o el de empeoramiento de males que pueden llevarnos al abismo. Las primeras Cortes han de ser por su eficacia reformadora, verdaderas Constituyentes, porque sólo así lograremos la estabilidad política necesaria para desarrollar todas las fuentes de riqueza nacionales.»

¡Non vos decatades ainda, bôs galegos, de que corren novos ventos?



Os cubizosos de medro, os labercos que pescan a río revolto, veñen argallando pr'ás prousimas eleicións municipás.

¡Falan de renovación! ¡E como non se lembran pra nada dos galeguistas, dos que

fumos os pirmeiros renovadores, puros, enxebres e seguimos séndoo?

¡Ai porque vos hai purezas que non conveñen nin s'axeitan a certas combinacións egoistas!

Pois xa nos oirán deica os xordos... de comenencia.



Coidá . mos mortos para sempre aqueles tempos vergoñosos, imbéciles, nos que as cidades galegas pñdose mais en ridículo que as rans da fábula, rifaban roxas de xenreira, e'os puños pechados, por disputárense unha compañía ou un reximento militar.

Coidá . bamos mortos tamén aqueles tempos nos que os mesmos pobos rifaban por caosa d'un aviador ou d'un certame d'orfeós.

Pro estábamos trabucados.

Santiago movi . liza todal-as «forzas vivas» pra conseguire que unha compañía de soldados volva pra ali. Lugo, pon tamén as suas «forzas vivas» en pe de guerra.

Ourense e Pontevedra idem.

Na Cruña —fagamos ista xustiza,— soio o alcalde de R. O. e un pequeno fato de persoas mais, trataron de pideren o reximento d'artillería de nova creación. O pobo, non. Nin o pobo nin as «forzas vivas».

Seipanno os xornás de Lugo e d'Ourense que aldraxaron â Cruña sin motivo.

A Cruña comenza a pensar que é unha vergonza que haxa yila- galegas que rifan antre elas por catro soldados e un cabo. A Cruña comenza a pensar que o que lle intresa a Galicia son os probremas industriás e os probremas agrarios.

Pol-o progreso do campo virá â nosa redención. As parvas vilas galegas son a caosa da escravitude.

¡Dan noxo!

LIT. E IMP. ROEL.—CORUÑA.

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434



NOVO LIBRO

Da Terra

asoballada

POESÍAS

DE Ramón Cabanillas



De venda en todal-as librerías e na administración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA

DE CALZADO :-:

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

## FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.) MÁLAGA

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

### ANÍS DOUS MONOS

RON LA LUCÍE

OXÉN SUPERFINO

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

## Automovilistas:

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

## PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

## BALDOMIR

Pórase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

## LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE** ductos, empregade o

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

FERROL

## H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

## LEUTORES:

Quen queira ter un traxe hóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

## FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

Espeillos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

## Farmacia da Silva

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO

Silva -- A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do

VALLE DE MONTERREY - Oupense

véndense na rúa da Franxa, 41

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.


NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícos e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.



## COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

### LINEA DE HABANA E VERACRUS

Prezo en terceira â Habana . . . . .	Ptas. 298'60
» » Veracrús. . . . .	» 313'60

Facilítanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.